



GACETA

Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria





SOLICITUDE DE INGRESO NA AGAMFEC



Datos persoais

N.I.F. ou Pasaporte: *campo obrigatorio Data de nacemento:

Nome: *campo obrigatorio

Apelidos: *campo obrigatorio

Enderezo postal: *campo obrigatorio

Cidade: *campo obrigatorio

Código Postal: *campo obrigatorio Provincia: *campo obrigatorio

País:

Teléfono Domicilio: Teléfono Móbil: Fax:

E-mail: *campo obrigatorio

Datos profesionais

Centro de traballo: *campo obrigatorio

Cargo: *campo obrigatorio

Teléfono Traballo: *campo obrigatorio

Poboación: *campo obrigatorio Provincia: *campo obrigatorio

Ano Licenciatura: *campo obrigatorio

Médico Residente: Si: Ano de Residencia: ° *campo obrigatorio
 Non: Titulación: *campo obrigatorio

Os datos recollidos, conforme ao previsto na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, no presente contrato serán incluídos nun ficheiro automatizado cuxo responsable é a AGAMFEC con CIF nº G15136245. A finalidade desta recollida de datos é a xestión das actividades e tarefas de xestión propias da asociación. Así mesmo, o titular dos datos autoriza expresamente a ceder os seus datos identificativos a Congrega, S.L., coa finalidade de xestionar o envío de información das súas actividades e a súa correcta asistencia aos eventos que sexan organizados pola AGAMFEC. En calquera caso, poderá exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dirixíndose a AGAMFEC, con enderezo na rúa Rosalía de Castro, 13, 1º esq, CP 15004 da Coruña, achegando fotocopia do DNI e indicando na comunicación "Acceso dereitos LOPD"; ou ben, e con carácter previo a tal actuación, solicitar cos mesmos sinais que lle sexan remitidos os impresos que o responsable do ficheiro dispón para tal efecto.

A cota de inscrición é de 15 € trimestrais (25 € semestrais os MIR de Familia, sendo gratis para os MIR-1). Actualízase segundo o IPC a partir do 01/01/2010. Para iso necesítamola túa autorización para a domiciliación do recibo. Cubra este documento e envíao vía fax ou correo o enderezo abaixo indicado.

Instrucións para domiciliación do recibo no banco:

Pídlolles que con cargo á miña conta/libreta número (20 díxitos):

Entidade	Oficina	D.C.	Conta
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Banco ou Caixa: Sucursal:

Poboación: C.P.: Provincia:

atendan ata novo aviso os recibos que sexan presentados pola Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria.

O titular D./Dona:

En _____, a _____ de _____ do ano 20 ____.

Sinatura.

ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA

Rosalía de Castro 13, 1º. 15004 A CORUÑA. Téf.: 981 216 416 • Fax: 981 217 542 • e-mail: agamfec@congrega.es

GRUPOS DE TRABALLO DA AGAMFEC

Presidente

Jaime González Rey

Vicepresidentes

Jesús Sueiro Justel
Gabriel J Díaz Grávalos

Secretaría

M^a Victoria Martín Miguel

Tesoureiro

Andrés Manuel Martínez González

Vogal de Docencia

Peregrina Eiroa Patiño

Vogal de Grupos de Traballo

Francisco Javier Maestro Saavedra

Vogal de Investigación

M^a Victoria Martín Miguel

Vogal WEB

Gerardo Palmeiro Fernández

Vogal de Medicina Rural

Portal González Lorenzo

Vogal de Médicos Xóvenes

Ángel Piñeiro López

Vogais de Residentes

Vanessa García-Ciudad Young
Fátima Barcala del Cano

Vogal PAPPS y PACAP

Diego Terceiro López

Vogal de Docencia y Formación

Fernando Souto Mata

Vogal de Relaciones semFYC

Andrés Manuel Martínez González

SECRETARÍA TÉCNICA DA AGAMFEC

Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq.
15004. A Coruña
Teléfono: 981 216 416
Fax: 981 217 542
e-mail: congrega@congrega.es

GRUPOS DE TRABALLO DA AGAMFEC

1 GRUPO DE ALCOHOLISMO

Responsable: Jacinto Mosquera Nogueira

2 GRUPO DE ATENCIÓN Á MULLER

Vanesa García-Ciudad Young

3 GRUPO DE CIRURXÍA MENOR E VENDAXES FUNCIONAIS

Responsable: Javier Maestro Saavedra

4 GRUPO DE COIDADOS PALIATIVOS

Responsable: David Vaquerizo García

5 GRUPO DE COMUNICACIÓN E SAUDE

Responsable: Jesús Novo Rodríguez

6 GRUPO DE DIABETE

Responsable: Javier García Soidán

7 GRUPO DE DISLIPEMIAS

Responsable: Alberto J. Del Álamo Alonso

8 GRUPO DE HIPERTENSIÓN ARTERIAL

Responsable: Concepción González Paradela

9 GRUPO DE PATOLOXÍA OSTEOARTICULAR E INFILTRACIÓNS

Responsable: María Jesús Freiría Tato

10 GRUPO DE ENFERMIDADES RESPIRATORIAS

Responsable: César Rodríguez Estévez

11 GRUPO DE ENFERMIDADES CARDIOVASCULARES

Responsable: Luis Fransi Galiana

12 GRUPO DA ABORDAXE O TABAQUISMO

Responsable: Xulio Castañal Canto

13 GRUPO DE URXENCIAS

Responsable: Fernando Souto Mata

14 GRUPO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Responsable: Rosana Izquierdo Fernández

15 GRUPO DE BIOÉTICA

Responsable: Pilar Vázquez Pumariño

16 GRUPO DE ENFERMIDADES NEFROUROLÓXICAS

Responsable: Mónica Diosdado Figueiredo

17 GRUPO DE RESPONSABILIDADE PROFESIONAL

Responsable: Vital Diéguez Pereira

18 GRUPO DE ENFERMIDADES INFECCIOSAS

Responsable: Marina Cid Sueiro

19 GRUPO DE ACTIVIDADE FÍSICA E SAUDE

José Luis Delgado Martín

20 GRUPO DE DERMATOLOXÍA

Fátima Barcala del Caño

21 GRUPO DA DOR

Gabriel Calvo Mosquera

22 GRUPO DE ALIMENTACIÓN E NUTRICIÓN

M^a José López-Villalta Lozano

23 GRUPO DE SAUDE MENTAL

M^a José Veleiro Tenreiro

24 GRUPO DE SEGURIDADE DO PACIENTE

M^a Dolores Martín Rodríguez

¿QUE É A AGAMFEC?

A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia. É algo máis ca unha axencia prestadora de servizos ou que unha asociación defensora de intereses corporativos.

A agamFEC busca sumar esforzos e ilusións. Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade.

A agamFEC quere xogar un papel fundamental no desenvolvemento da Medicina de Familia e Comunitaria e da Atención Primaria en Galicia, aglutinando aos especialistas en MFC e demais profesionais de Atención Primaria do noso país, e asumindo a súa defensa e representación.

A agamFEC está dirixida por unha Xunta Directiva renovable cada dous anos. Artículase en Seccións (Docencia, Investigación, PA-PPS, Prensa e Relacións coa semFYC) e Grupos de Traballo, coa pretensión de canalizar a máxima participación dos seus asociados.

A agamFEC está integrada na estrutura federal da semFYC, sociedade que agrupa ás 17 sociedades autonómicas do estado, constituindo a sociedade científica médica de maior actividade e implantación, chegando na actualidade a reunir a 15.000 profesionais de todo o estado español.

¿Cales son os fins da agamFEC?

- Promocionar e fomentar o progreso da medicina de familia e comunitaria, e da Atención Primaria, divulgando e impulsando coñecementos da especialidade e os seus principios.
- Representar os intereses dos seus membros no marco das leis e ante os organismos das Administracións Públicas Sanitarias e docentes e outros órganos ou entidades nacionais e internacionais públicos ou privados.
- Servir de órgano informativo respecto das funcións e fins da especialidade, e realizar cantas tarefas se lle encomenden, colaborando con entidades públicas ou particulares mediante elaboración de estudos, informes ou propostas.
- Procurar a harmonía dos especialistas e asociados, organizar actividades de carácter profesional, de investigación, formativo, cultural ou asistencial co fin de acadar os obxectivos anteriores en colaboración coas administracións públicas, centros de saúde, hospitais, Colexios de Médicos, Facultades de Medicina e demais sociedades científicas.
- Fomentar e procurar a participación de todos os asociados nas distintas actividades e tarefas da Asociación, a fin de conseguir mellor cumprimento destes obxectivos.

¿Que ofrece a agamFEC aos seus asociados?

A mellora profesional a través das distintas actividades é o maior beneficio que o socio pode conseguir da agamFEC.

Esto pode lograrse a través de:

- Actividades de formación continuada nas que o socio participa (congresos, debates, cursos...) tanto en calidade de asistente como de ponente.
- Fomentando a investigación, potenciada a través dos congresos anuais da agamFEC, a través de apoio metodolóxico, convocatorias de becas...
- Favorecendo a participación e o intercambio de experiencias entre os socios por medio dos Grupos de Traballo e outros foros que se constitúan.
- Proporcionando material científico e publicacións elaboradas e editadas pola agamFEC e a semFYC.

Actualmente os socios da agamFEC reciben de xeito gratuito nos seus domicilios as seguintes publicacións periódicas:

- Cadernos de Atención Primaria
- Atención Primaria
- Os socios da agamFEC reciben tamén os Documentos semFYC, así como información das actividades que a Asociación realiza e outras informacións de interés para os médicos de familia.
- Outro beneficio que o socio pode obter son os descontos para asistencia ás actividades que a Asociación organiza: congresos, cursos, xornadas de residentes, talleres...
- A pertenza á agamFEC ofrece a posibilidade de participar nos grupos de traballo e de participar nas distintas actividades que a Asociación poña en marcha. Tamén pode o socio participar na Asamblea Anual que se organiza xeralmente coincidindo co Congreso autonómico, así como participar na elección dos membros da Xunta Directiva.

¿Quen pode asociarse á agamFEC?

Poden ser socios da agamFEC todos os médicos que traballen ou estean relacionados coa Atención Primaria de Saúde e que realicen o seu traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sexan ou non especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, e que estean dacordo cos obxectivos que a Asociación persigue.

Para ser socio da semFYC hai que selo necesariamente a través de algunha sociedade autonómica federada. Todos os asociados da agamFEC son, polo tanto, tamén socios da semFYC.

Os membros da Asociación teñen os seguintes dereitos:

- Ostentar a calidade de membro e asistir ás sesións que a Asamblea Xeral celebre.
- Participar nas actividades e actos da Asociación.
- Ser candidato nas eleccións para órganos da Asociación.
- Ser informado das actividades e planos da Asociación.

A cota de asociado é de 15 euros ao trimestre.

Os residentes da especialidade de Medicina de Familia e Comunitaria poden ser socios da AGAMFEC de maneira gratuita durante o primeiro ano de MIR.

Para contribuir á mellora da Atención Primaria en Galicia:

¡Asóciate a AGAMFEC!

ACTIVIDADES DA AGAMFEC

Os días 12 e 13 de novembro de 2010, no Colexio de Médicos da Coruña, celebráronse as XV Xornadas Galegas de Medicina Familiar e Comunitaria que contaron con 268 participantes, médicos de familia de toda a comunidade galega, e 40 relatores dos diferentes grupos de traballo da AGAMFEC e compañeiros de outras especialidades médicas.

O longo das Xornadas analizouse o papel do médico de cabeceira no século XXI e as principais novidades da especialidade xurdidas no último ano.

O programa científico completouse con diferentes obradoiros prácticos para o día a día do médico de familia cun claro enfoque participativo. Ademais houbo diferentes simposium e mesas redondas nos que se debateron os avances con aplicación na medicina de familia na área cardiovascular e das enfermidades respiratorias, así como a presentación dun programa para cuidadores de enfermos crónicos ("Coidarse para coidar").

Na Asemblea que tivo lugar durante as Xornadas foi aprobado o Plan Estratéxico 2010-2014 de AGAMFEC. Pódese consultar o documento completo na web da Sociedade.

Tamén coincidindo coas Xornadas celebrouse a I Reunión de Tutores e Colaboradores Docentes Rurais, coa finalidade de compartir experiencias e comentar a situación da Rotación Rural na nosa Comunidade, así como estudar a necesidade de consensuar un adecuado contido teórico para dicha rotación.

VI XORNADA DE OUTONO

Tivo lugar na Coruña, o día 13 de novembro. Desenvolvéronse tres mesas nas que se discutiron temas de interese para a marcha da Asociación. Na primeira se comentaron cales debían ser as liñas prioritarias do plan estratéxico aprobado. Na segunda tratouse o tema da investigación en atención primaria e a última tratou sobre a situación dos xoves médicos de familia (XMF) e a implicación da Sociedade coas súas necesidades formativas.

Resúmense a continuación as conclusións obtidas nalgunhas das mesas:

MESA DE LIÑAS PRIORITARIAS DO PLAN ESTRATÉXICO

A.- ESTRATEXIAS DE MELLORA NO ÁMBITO PROFESIONAL:

Consideramos esencial o contacto con grupos políticos e asociacións de usuarios para a reivindicación dun incremento da financiación na Atención Primaria. Para isto consideramos unha ferramenta importante a documentación na que se redefina a Carteira de Servizos cunha clara aposta pola capacidade resolutive dos médicos de familia.

B.-ESTRATEXIAS DE MELLORA NA XERACIÓN E XESTIÓN DO COÑECEMENTO

Neste punto apostamos pola potenciación das becas de investigación da Agamfec, a reclamación a administración dunha cota de investigación médica en Atención Primaria en tódalas convocatorias de investigación que se fagan. En segundo lugar o apoio ás xornadas de residentes e a incorporación destes os grupos de traballo

C.- ESTRATEXIAS PARA MELLORAR O FUNCIONAMENTO DA ORGANIZACIÓN

Impulsar os acordos de colaboración cos colexios médicos, sociedades científicas, SERGAS, Universidade, a Industria e outros provedores.

D.-ESTRATEXIAS DE MELLORA NO ÁMBITO DE ATENCIÓN E PARTICIPACIÓN DO SOCIO

A estratexia debe ir encamiñada fundamentalmente a creación dun plan de comunicación interna que potencie os sinais de identidade, a defensa do sistema público, e que xere acercamento ó socio. Completar as bases de correo electrónico e divulgar a produción dos grupos entre os socios.

E.- ESTRATEXIAS DE MELLORA NO ÁMBITO SOCIAL E COMUNITARIO

Neste punto considerouse prioritario promover acordos de colaboración permanentes con asociacións de pacientes e tamén de cidadáns.

MESA DE CREACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO

Creación do coñecemento

Os problemas cos participantes ven como fundamentais para a investigación na Atención Primaria:

- 1) Falta de formación, sería prioritario promover a formación.
- 2) Falta de información sobre as convocatorias de financiamento e o procedemento para solicitarlas.
- 3) Necesítase un deseñador de proxectos. Os médicos están dispostos a facer traballo de campo (recollida de datos) pero é moi difícil que ademais de formarse para a asistencia teñan tempo para deseñar proxectos a parte da falta de formación.
- 4) Precisaríase de alguén que estivese dedicado a tempo completo para buscar todas as axudas que haxa.

Propostas:

- 1) Facer máis visibles na Web as convocatorias de financiamento.
- 2) Explicación e información adicional das mesmas (en que consisten e como é o procedemento, das máis importantes

polo menos) e informar aos socios de que existe isto, creando un sistema de alertas para os interesados.

- 3) Directorio de recursos de apoio metodolóxico e de apoio a solicitude de axudas a investigación.
- 4) Asesorarse da maneira na que a Asociación pode xestionar diñeiro de e para a investigación para poder dispoñer de persoal a tempo completo que asesore aos asociados e aos grupos de traballo no deseño de proxectos e na solicitude de axudas a investigación, etc..
- 5) Dispoñer de xestores de trámites burocráticos nas solicitudes de axudas a investigación, etc.
- 6) Existencia dun grupo de traballo de metodoloxía da investigación.
- 7) Os póster das próximas edicións das Xornadas pídense que sexan on line por mor de que non se financian polas Fundacións.

MESA DE XMF: O PAPEL DA SOCIEDADE NO REFERENTE Á MEDICINA DE URXENCIAS

Promóvese esta mesa dado que unha grande porcentaxe, superior ao 90% dos XMF de Galicia realizan a súa actividade asistencial na área de urxencias, na súa maioría en PAC aínda que moitos tamén no O61 e urxencias hospitalarias.

- 1- Proponse que os grupos de traballo da AGAMFEC, e non só o de urxencias, se impliquen na formación en urxencias, é dicir, todos os grupos de traballo, como diabetes, dermatoloxía, responsabilidade legal ou respiratorio poderían, por exemplo, levar a cabo no congreso ou nas xornadas de residentes, talleres nos que se traten os temas de cada grupo cun enfoque de urxencias.
- 2- Dado o protagonismo que as urxencias teñen no día a día e a cantidade de médicos de familia que se poderían beneficiar desta formación, proponse que en cada congreso haxa actividade orientada a urxencias durante todo o tempo que dure o congreso.
- 3- Proponse a creación dunha guía sinxela con protocolos e criterios de derivación para os PAC, que podería liderarse desde a propia vogalía de XMF. Esta necesidade xorde do baleiro que hai en canto a protocolos e criterios claros de derivación no PAC, ademais da gran disparidade de funcionamento e a gran rotación do profesional por estes postos.
- 4- Proponse que Cadernos podería crear unha sección dedicada a urxencias, onde se poidan publicar estudos e casos clínicos desta área, dándolle así protagonismo específico ás urxencias, de maneira que resulte máis atractiva ao colectivo dos médicos de PAC, urxencias hospitalarias e O61. Así mesmo, proponse que se publiquen casos multidisciplinares, é dicir, que entre un médico de PAC, urxencias e/ou O61 pu-

bliquen casos interesantes de xeito integral, expondo o caso desde o inicio ata a súa resolución, buscando a interrelación entre a atención extrahospitalaria e o hospital.

GASTO FARMACÉUTICO: REUNIÓN COLEXIOS MÉDICOS

Ante a evolución do gasto farmacéutico en xuño/xullo e a previsión de problemas económicos, dende a Consellería mobilizan aos colexios profesionais. Os Colexios invitaron as Sociedades Científicas: AGAMFEC, SEMG, Semergen, CardioloXía, EndocrinoloXía, Medicina Interna e Dixestivo. AS SSCC pronunciáronse de xeito que elas non poden entrar nestas cuestións, que en todo caso poden colaborar na publicación de Guías, ata en relación co custo/beneficio das actuacións, pero non en temas políticos e de xestión.

II RUTA DE SENDEIRISMO

O día 24 de outubro celebrouse a II Ruta de Sendeirismo organizada polo Grupo de Actividade Física e Saúde de AGAMFEC. A marcha tivo lugar na zona de Arnoia na provincia de Ourense, e enmárcase nas actividades que para fomentar a actividade física organiza o Grupo de Traballo.

XORNADAS de ACTUALIZACIÓN semFYC-Novartis

Os días 28 e 29 de outubro celebráronse en Santiago as Xornadas de Actualización semFYC-Novartis, coa calidade de contidos habitual e unha asistencia de case 300 persoas.

VARIOS

Plan de mellora

En relación co plan de mellora, AGAMFEC estivo presente, a través dun dos seus Vicepresidentes, nunha xornada realizada no colexio de médicos de Madrid na que se debateron os avances na estratexia AP 21 de todo o Sistema de Saúde e na que se fixo constar o bloqueo do plan de mellora galego, que era a aposta de devandita estratexia na nosa comunidade. Participaron representantes do Colexio de Médicos, as 3 Sociedades Científicas de Atención Primaria, a Asociación de Enfermería de Atención Primaria, a FADSP e os sindicatos. O Ministerio segue con intención de impulsar a estratexia AP 21 e quere convocar unha mesa nacional para iso. A nivel autonómico tamén se participou nunha reunión convocada polo Colexio de Médicos de Pontevedra e á que asistiron representantes doutras Sociedades de Atención Primaria e onde se trataron aspectos referentes ao Plan de Mellora, Carreira Profesional e condicións de traballo dos médicos de Atención Primaria.

Protocolo sobre Hiperplasia Benigna de Próstata

AGAMFEC participou xunto coas restantes Sociedades de Aten-

ción Primaria e o representante galego da Sociedade Española de Urología nunha reunión para presentar ao SERGAS o protocolo elaborado a nivel nacional da derivación da HBP e pór en marcha estratexias formativas para dalo a coñecer en todas as áreas de Galicia.

Copago

Participouse na elaboración dun documento de semFYC sobre o copago que se pode consultar na web da Sociedade.

Axenda para a Investigación en Europa do EGPRN

Colaborouse na tradución da Axenda para a investigación en Europa do European Xeral Practice Research Network (WONCA Europa) auspiciada por AGAMFEC e que será publicada por semFYC.

Actividade física

O día 29 de Outubro de 2010 o Dr. José Luís Delgado Martín, Coordinador do Grupo de traballo de Actividade Física e Saúde, acudiu en representación de AGAMFEC á presentación do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable" polo Secretario Xeral para ou Deporte D. José Ramón Lete Lasa, dentro do Congreso Internacional AIESEP2010: Os profesionais da educación física na promoción dun estilo de vida activo, celebrado na Coruña.

Ecografía para residentes

AGAMFEC deu o seu aval científico a un curso de formación en Ecografía para residentes de MFeC que empezará en xaneiro próximo.

Coordinación Neumoloxía-Atención Primaria

O 16 de outubro celebrouse na Coruña a Xornada de Coordinación Neumoloxía-Atención Primaria na que participou AGAMFEC xunto á Sociedade Galega de Patoloxía Respiratoria (SOGAPAR) e outras sociedades de Atención Primaria.

XIII XORNADAS DE RESIDENTES DE AGAMFEC

Celebraranse no Hotel Louxo da Toxa (Pontevedra) o 11 de marzo de 2011.

Programa científico provisional:

- Xeneralidades en Dermatoloxía
- Grupo de atención á muller: Anticoncepción
- Neumoloxía: Espirometría
- Taller Mc Gyver

Os talleres realizaranse ao longo de mañá e tarde, cun xantar de traballo.

II CURSO DE SOPORTE VITAL AVANZADO CARDIOLÓGICO

En datas próximas concretarase a convocatoria da segunda edición deste Curso que se celebrará entre febreiro e marzo de 2011 en Pontevedra.

www.agamfec.com



www.agamfec.com

actualizada para ofrecerche
mellor servizo e máis información